

## EXPLORACION PSICOLOXICA NUNHA MOSTRA DE UNIVERSITARIOS DE QUINTO CURSO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elisardo Becoña Iglesias e Agustín Dosil Maceira. Depto. de Psicoloxía Evolutiva e Diferencial. Universidade de Santiago de Compostela.

### 1.— Adro

Toda investigación tendente a mellorar o coñecimento dos alumnos que están a piques de rematar as súas carreiras, así como o dos recién licenciados resulta sempre interesante, e non somentes desde unha perspectiva psicolóxica, senón tamén desde outros eidos: académico, social, etc., etc.

No noso País fixéronse investigacións de sino moi distinto, con estudantes universitarios, como a de Sánchez Nieto, Serrano García e Castaño López-Mesas (1976), Arredondo Rodríguez (1976), Echevarría (1976), Fernández Ballesteros (1977), Fogliatto (1977), por nomear samente algunhas das máis recentes; e outras, inclúen alumnos de C.O.U. a piques de ingresar na Universidade (A. Dosil (1976)). A tónica xeral de todas elas coincide en que, se ben as mostras son de universitarios, éstes son dos primeiros cursos, sendo máis escasas as investigacións dos últimos.

No estudo que presentamos, a mostra compónse de alumnos de 5º curso, o que conleva—pensamos— certo interés polas razóns devanditas.

Polas limitacións de todo tipo que condicionaron esta investigación, consideraremos os resultados obtidos como unha mera aproximación ao tema.

### 2.— Obxectivos

Propoñémonos comprobar se, tanto nos factores de intelixencia como nos de personalidade, existen diferencias significativas entre os estudantes que rematan os seus

estudos de Licenciatura nas Facultades de Xeografía e Historia, Filoloxía, Biolóxicas, Matemáticas e Químicas; así como tamén se se dan esas diferencias entre mozos e mozas.

### 3.— Mostra

A mostra, como xa dixemos, está constituída por alumnos de 5º curso das Facultades de : Xeografía e Historia, Filoloxía, C. Matemáticas, C. Químicas e C. Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela. O número de protocolos valedíos foi de 112 do 16 PF e 94 do P.M.A..

E preciso sulñar o feito de que, a pesar do reducido número de suxeitos da mostra (a aplicación fíxose a 4 dos 8 grupos destes alumnos que realizaban o C.A.P.), ésta reúne as características dunha mostra elexida ao azar, como se pode comprobar ao analizar as “Estadísticas de la Universidad de Santiago de Compostela (Curso 1976—77)” (Táboa 1) e a distribución da mesma (Táboas 2 e 3).

A mostra total, pra unha mellor comprensión e unha análise posterior máis ampla, dividímola, á súa vez, en varias submostras: Varóns, Mulleres, Filoloxía, Xeografía e Historia, C. Biolóxicas, C. Matemáticas e C. Químicas.

#### Distribución (º/o) por sexos dos alumnos das distintas Facultades

TABOA 1

Facultade	Varóns (º/o)	Mulleres (º/o)
Xeografía e Historia	35.90	64.10
Filoloxía	29.97	70.03
Ciencias (1)	58.02	41.98

FONTE: Estadísticas da Universidade de Santiago de Compostela (Curso 1976—77).

(1) Nas devanditas estadísticas considéranse alumnos de Ciencias, pero non se distribuen nas actuáis Facultades tal e como o facemos nós (F. de C. Matemáticas, F. de C. Químicas e F. de C. Biolóxicas).

## Distribución da mostra por sexos e Facultades

TABOA 2 – P M A

Faculdade	Nº de suxeitos teóricos a partir da Táboa 1			Distribución da nosa mostra		
	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total
Xeografía e Historia	8	13	21	9	12	21
Filoloxía	12	29	41	14	27	41
C. Biolóxicas	5	4	9	4	5	9
C. Matemáticas	10	7	17	8	9	17
C. Químicas	3	3	6	3	3	6
			94			94

TABOA 3 – 16 PF

Faculdade	Nº de suxeitos teóricos a partir da Táboa 1			Distribución da nosa mostra		
	Varóns	Mulleres	Total	Varóns	Mulleres	Total
Xeografía e Historia	11	21	33	10	23	33
Filoloxía	12	27	39	14	25	39
C. Biolóxicas	7	5	12	6	6	12
C. Matemáticas	12	9	21	9	12	21
C. Químicas	4	3	7	4	3	7
			112			112

### 4.— Técnicas utilizadas

Os instrumentos utilizados foron o P.M.A. de Thrustone e o 16 PF de Cattell. Como ben se sabe, o P.M.A. (*Primary Mental Aptitudes*), cuxa versión castelán é o A.M.P.E. (Secadas, 1952; Secadas, 1954; Secadas, 1958; Secadas 1961), evalúa 5 factores de intelixencia:

- Factor V.— Comprensión verbal
- Factor E.— Concepción espacial
- Factor R.— Razonamento

Factor N.— Cálculo numérico

Factor F.— Fluidez verbal

E evidente que para o noso estudo esta proba resulta interesante, xa que “*a priori*”, se pode pensar en atopar diferencias nos factores do P.M.A. nos distintos subgrupos da mostra.

Pola súa banda, o 16 PF, apoiado por unha das teorías da persoalidade máis importantes, evalúa 16 rasgos e da súa crecente utilización no noso País dan fe varios estudos recentes (Seisdedos, 1977; Prieto Zamora, 1977; Prieto Zamora, 1978, entre outros).

5. — Resultados obtidos:

5.1. — Medidas o Desvios Típicos da mostra total e de cada unha das submostras (P.M.A. e 16 P.F.)

P.M.A.

TABOJA 4

FACTOR	Total (N=94)		Varóns (N=38)		Mulleres (N=56)		Fibroxén (N=41)		Xep. e Hist. (N=21)		C. Biolóxic. (N=9)		C. Matem. (N=17)		C. Oñfrim. (N=76)	
	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.
Comprensión verbal	41,73	6,42	41,38	8,75	41,16	7,04	44,44	4,58	42,90	6,21	34,66	6,96	40,35	6,73	36,83	7,25
Comprensión espacial	21,60	12,82	25,31	14,15	18,33	11,53	20,14	11,91	17,81	12,79	19,22	12,84	28,76	11,86	28,16	15,45
Razonamento	18,20	5,94	18,10	6,93	17,82	5,75	17,78	6,27	16,28	4,51	19,77	4,57	22,11	5,11	14,33	7,25
Cálculo numérico	29,59	12,37	32,63	13,96	26,71	11,63	30,80	14,32	24,04	10,53	31,44	8,88	32,41	11,16	31,66	7,11
Fluidez verbal	57,93	10,98	57,50	14,15	58,80	10,54	64,22	9,71	58,19	7,52	46,33	11,53	52,00	7,22	46,66	6,65

16. P.F.

TABOJA 5

FACTOR	Total (N=112)		Varóns (N=43)		Mulleres (N=69)		Fibroxén (N=39)		Xep. e Hist. (N=23)		C. Biolóxic. (N=12)		C. Matem. (N=21)		C. Oñfrim. (N=75)	
	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.	$\bar{X}$	D.T.
A	10,27	3,02	10,20	3,60	10,20	2,89	10,41	2,74	10,54	3,16	8,00	3,29	11,52	2,15	8,42	2,44
B	7,99	2,10	7,88	2,41	7,91	2,12	8,43	2,36	7,63	2,21	8,00	1,41	7,76	1,57	7,85	1,88
C	12,30	3,84	12,88	4,38	11,66	3,64	10,82	3,54	12,39	3,64	13,33	2,86	14,04	3,61	13,14	4,99
E	9,97	4,06	11,13	4,27	9,15	3,92	9,94	3,92	10,24	3,61	9,58	5,37	10,42	3,43	8,14	3,05
F	13,00	4,48	13,00	4,59	12,81	4,71	13,02	5,26	13,06	4,05	11,66	3,27	13,23	3,96	14,28	3,92
G	11,97	3,59	11,18	4,13	12,27	3,47	11,28	3,80	12,45	3,40	14,16	3,31	11,57	3,25	11,00	2,26
H	11,58	4,99	12,53	5,24	10,66	4,77	11,61	5,11	10,81	4,40	10,41	5,95	12,90	4,16	13,00	5,95
I	13,61	3,43	12,27	4,00	14,26	3,23	15,15	2,86	14,54	2,76	11,50	3,73	11,04	3,21	12,00	1,60
L	11,09	3,54	11,09	4,31	11,01	3,22	11,66	3,39	10,45	3,44	11,50	4,69	10,85	2,78	11,00	3,74
M	12,81	2,72	12,83	3,81	12,62	2,35	13,30	2,69	13,00	2,46	12,08	2,72	11,71	2,93	13,71	1,91
N	10,60	2,81	9,95	3,11	10,88	2,86	10,69	3,05	10,66	2,55	10,41	2,98	10,38	1,59	10,85	2,64
O	11,97	3,94	10,04	4,68	13,01	3,24	12,71	3,94	11,75	3,86	11,00	4,52	10,09	3,37	13,14	3,44
O <sub>1</sub>	10,73	2,93	11,27	3,29	10,24	2,93	10,84	2,30	10,12	3,09	11,58	3,04	10,95	3,13	10,85	3,64
O <sub>2</sub>	10,92	3,37	10,65	3,63	10,92	3,48	10,97	3,43	11,30	2,99	10,58	4,25	10,88	3,37	11,14	2,41
O <sub>3</sub>	10,29	3,45	11,16	3,44	9,57	3,56	9,12	3,59	9,84	3,41	11,33	3,22	12,04	2,53	11,85	1,88
O <sub>4</sub>	13,31	5,02	11,20	5,90	14,45	4,24	14,84	4,72	13,69	4,89	12,00	4,32	11,28	4,79	11,28	5,31

## 5.2.— Diferencias entre medias (proba t).

Por limitacións de espacio incluímos somente as diferencias significativas (d.s.) achadas en cada un dos factores de ambos os dous tests. O procedemento consiste en aplicar a proba t en cada un dos factores das probas utilizadas (5 do P.M.A. e 16 no 16 PF) a través dos distintos subgrupos. A modo de exemplo presentamos na Táboa 6 o procedemento que seguimos. Na Táboa 7, as d.s. do P.M.A., e na Táboa 8 as d.s. do 16 PF.

P.M.A. Factor V (1) (proba t)

TABOA 6

	Todos	Varóns	Mulleres	Filoxía	Xeog. e Hist.	C.Biolóx.	C.Matem.
Varóns	0.25						
Mulleres	0.50	0.13					
Filoxía	-2.42*	-1.96	-2.58*				
Xeog. e Hist.	-0.17	-0.28	-0.24	1.73			
C.Biolóxicas	3.10**	2.10*	2.69**	5.12***	2.76**		
C.Matemát.	0.80	0.43	0.61	2.62*	1.12	-1.94	
C.Químicas	0.99	1.19	1.53	3.41**	1.66	-0.54	1.68

\* d. s. al 5 %

\*\* d. s. al 1 %

\*\*\* d. s. al 0.1 %

### 5.2.1.— Diferencias significativas no P.M.A.

TABOA 7

	Grupos nos que existen diferen- rencias significativas	Nivel de signifi- cación
Comprensión verbal (V)	Todos—Filoxía	5 %
	Todos—C.Biolóxicas	1 %
	Filoxía—C.Biolóxicas	0.1 %
	Filoxía—C.Matemáticas	5 %
	Filoxía—C.Químicas	1 %
	Xeog. e Hist.—C.Biolóxicas	1 %

(1) Do mesmo xeito que se se tratase dunha matriz de correlacións, somente indicamos unha parte da diagonal. A parte que falla é a homóloga á indicada na táboa.

Táboa 7 (Cont.)

	Grupos nos que existen diferen- rencias significativas	Nivel de signifi- cación
<b>Cálculo numérico (N)</b>	Varóns—Mulleres	5 %
	Xeog. e Hist.—C. Matemáticas	5 %
<b>Fluidez verbal (F)</b>	Todos—Filloxía	1 %
	Todos—C. Biolóxicas	1 %
	Todos—C. Matemáticas	5 %
	Todos—C. Químicas	5 %
	Filloxía—Xeogr. e Historia	5 %
	Filloxía—C. Biolóxicas	0.1 %
	Filloxía—C. Matemáticas	0.1 %
	Filloxía—C. Químicas	0.1 %
	Xeogr. e Hist.— C. Biolóxicas	1 %
	Xeogr. e Hist.— C. Matemáticas	5 %
Xeogr. e Hist.— C. Químicas	1 %	
<b>Concepción espacial (E)</b>	Todos—C. Matemáticas	5 %
	Varóns—Mulleres	5 %
	Filloxía—C. Matemáticas	5 %
	Xeog. e Hist.—C. Matemáticas	5 %
<b>Razoamento (R)</b>	Todos—C. Matemáticas	5 %
	Filloxía—C. Matemáticas	5 %
	Xeog. e Hist.—C. Matemáticas	0.1 %
	C. Matemáticas—C. Químicas	5 %

#### 5.2.1.1.± Diferencias entre o grupo de varóns e o de mulleres

Non se atoparon diferencias significativas nos factores V, R, e F.

Nos factores E e N existen diferencias significativas favorábeis ao grupo dos varóns.

Observamos, polo tanto, que os varóns amosan d.s. en dous factores (concepción espacial e cálculo numérico), o que non é grande novidade; pero o que nos causa certa extrañeza son os resultados do subgrupo mulleres, que soen pontuar máis alto nos

factores verbáis. Unha posíbel explicación disto podería ser a peculiaridade da mostra, xa que para os universitarios (homes ou mulleres), os factores de índole verbal teñen unha grande importancia de cara ao rendimento académico. De todo isto parece desprenderse o carácter relativamente discriminativo do P.M.A. para universitarios. Na nosa mostra discrimínase relativamente ben, pero isto débese ao número de grupos que consideramos e por calcular as d.s. entre cada un dos grupos respecto a todos os demais. Pero para unha aplicación real e non de investigación isto non é posíbel; de aí veñen os reparos para a súa utilización en ambientes escolares.

#### 5.2.1.2.- Filoloxía

Os alumnos de Filoloxía amosan as seguintes d.s. na súa contrastación cos demais grupos:

*Factor V:* Existe d.s. entre Filoloxía e os seguintes grupos: Todos, C. Biolóxicas, C. Matemáticas e C. Químicas. En todos eles a diferenza é favorábel ao grupo de Filoloxía.

*Factores E e R:* Obsérvase d.s. entre o grupo de Filoloxía e o de C. Matemáticas, sendo favorábel ao grupo de C. Matemáticas.

*Factor N:* Non hai d.s.

*Factor F:* Encóntrase d.s. entre Filoloxía e os seguintes grupos: Todos, Xeografía e Historia, C. Biolóxicas, C. Matemáticas, C. Químicas. En todos os casos é favorábel ao grupo de Filoloxía.

#### 5.2.1.3.- Xeografía e Historia

Os alumnos de Xeografía e Historia amosan as seguintes d.s. en verbo dos demais grupos:

*Factor V:* Existe d.s. entre o grupo de Xeografía e Historia e o de C. Biolóxicas. A diferenza é favorábel aos primeiros.

*Factores R, E, N:* Obsérvase d.s. verbo do grupo de C. Matemáticas. A diferenza é favorábel aos segundos.

*Factor F:* Existe d.s. entre Xeografía e Historia e os grupos de: Filoloxía, C. Biolóxicas, C. Matemáticas, C. Químicas. Namentras que a diferenza é desfavorábel tocante ao grupo de Filoloxía, é favorábel verbo dos outros grupos de Ciencias (Biolóxicas, Matemáticas e Químicas).

#### 5.2.1.4.ª C. Biolóxicas

Os alumnos de C. Biolóxicas amosan as seguintes d.s. verbo dos demais grupos:

*Factores R e N:* Non se atopan d.s.

*Factores V e F:* Existe d.s. entre C. Biolóxicas e os grupos de: Todos, Filoloxía e Xeografía e Historia. En todos os casos a diferenza é desfavorábel ao grupo de C. Biolóxicas.

*Factor E:* Hai d.s. entre o grupo de C. Biolóxicas e o de C. Matemáticas. A diferenza é favorábel aos segundos.

#### 5.2.1.5.ª C. Matemáticas

Os alumnos de C. Matemáticas amosan as seguintes d.s. en verbo dos demais grupos:

*Factor V:* Existe d.s. entre os alumnos de Filoloxía e os de C. Matemáticas, sendo favorábel aos primeiros.

*Factores E e F:* Obsérvase d.s. entre C. Matemáticas e os seguintes grupos: Todos, Filoloxía e Xeografía e Historia. En todos os casos a diferenza é favorábel ao grupo de C. Matemáticas.

*Factor R:* Hai d.s. entre C. Matemáticas e os seguintes grupos: Todos, Filoloxía, Xeografía e Historia e C. Químicas. En todos os casos a diferenza é favorábel aos primeiros.

*Factor N:* Existe d.s. entre o grupo de C. Matemáticas e o grupo de Xeografía e Historia. A diferenza é favorábel ao grupo de C. Matemáticas.

#### 5.2.1.6.ª C. Químicas

Os alumnos de C. Químicas amosan as seguintes d.s. en verbo dos demais grupos:

*Factores E e N:* Non se atopa d.s.

*Factor V:* Existe d.s. entre os alumnos de C. Químicas e os de Filoloxía, sendo esta favorábel aos segundos.

*Factor R:* Obsérvase d.s. entre o grupo de C. Químicas e o de C. Matemáticas. A diferenza é favorábel ao segundo.

*Factor F:* Atópase d.s. entre C. Químicas e os seguintes grupos: Todos, Filoloxía e Xeografía e Historia. En todos os casos a diferenza é desfavorábel para o grupo de C. Químicas.

5.2.2.— *Diferencias significativas no 16 PF*

TABOA 8

	Grupos nos que existen diferen- cias significativas	Nivel de signifi- cación
<b>Factor A (Sizotimia—Afectoti- mia)</b>	Todos—C. Biolóxicas	5 %
	Filoxía—C. Biolóxicas	5 %
	Xeog. e Hist.—C. Biolóxicas	5 %
	C. Matemáticas—C. Biolóxicas	1 %
	C. Matemáticas—C. Químicas	1 %
<b>Factor B (Intelixencia baixa— Intelixencia alta)</b>	Non existen d. s. entre ningún dos diferentes grupos	
<b>Factor C (Pouca forza do ego—Moita forza do ego)</b>	Todos—Filoxía	5 %
	Filoxía—C. Biolóxicas	5 %
	Filoxía—C. Matemáticas	1 %
<b>Factor E (Sumisión—Domi- nancia)</b>	Varóns—Mulleres	5 %
<b>Factor F (Desurxencia—Sur- xencia)</b>	Non existen d. s. entre ningún dos diferentes grupos	
<b>Factor G (Pouca—Moita for- za do superego)</b>	C. Biolóxicas—Todos	5 %
	C. Biolóxicas—Filoxía	5 %
	C. Biolóxicas—C. Matemáticas	5 %
	C. Biolóxicas—C. Químicas	5 %
<b>Factor H (Trectia—Parmia)</b>	Non existen d. s. entre ningún dos diferentes grupos	
<b>Factor I (Harria—Parmia)</b>	Todos—Varóns	5 %
	Todos—Filoxía	5 %
	Todos—C. Biolóxicas	5 %
	Todos—C. Matemáticas	1 %
	Varóns—Mulleres	0.1 %
	Filoxía—C. Biolóxicas	0.1 %
	Filoxía—C. Matemáticas	0.1 %

Táboa 8 (cont.)

	Grupos nos que existen diferen- rencias significativas	Nivel de signifi- cación
	Filoloxía—C. Químicas	1 ‰
	Xeog. e Hist.—C. Biolóxicas	1 ‰
	Xeog. e Hist.—C. Matemáticas	0.1 ‰
	Xeog. e Hist.—C. Químicas	5 ‰
<b>Factor L (Alaxia—Protensión)</b>	Non existen d. s. entre nengún dos diferentes grupos	
<b>Factor M (Praxernia—Autia)</b>	Non existen d.s. entre nengún dos diferentes grupos	
<b>Factor N (Sinxeleza—Solercia)</b>	Non existen d. s. entre nengún dos diferentes grupos	
<b>Factor O (Adecuación inper- turbábel—Tendencia á culpabilidade)</b>	Todos—Varóns	5 ‰
	Todos—C. Matemáticas	5 ‰
	Varóns—Mulleres	0.1 ‰
	Filoloxía—C. Matemáticas	5 ‰
<b>Factor Q<sub>1</sub> (Convervadorismo— Radicalismo)</b>	Non existen d. s. entre nengún dos diferentes grupos	
<b>Factor Q<sub>2</sub> (Adesión ao grupo— Autosuficiencia)</b>	Non existen d. s. entre nengún dos diferentes grupos	
<b>Factor Q<sub>3</sub> (Baixa integración— Moito control da súa autoimaxe)</b>	Todos—C. Matemáticas	5 ‰
	Filoloxía—C. Matemáticas	5 ‰
	Xeog. e Hist.—C. Matemáticas	5 ‰
<b>Factor Q<sub>4</sub> (Pouca—Moita tensión enerxética)</b>	Todos—Varóns	5 ‰
	Varóns—Mulleres	0.1 ‰
	Filoloxía—C. Matemáticas	1 ‰

5.2.2.1.— Diferencias que presentan os varóns e as mulleres

— As mulleres amosan unha maior sumisión e mansedume; namentras que os varóns unha maior agresividade, dominancia e independencia (factor E).

— Os varóns amosan unha maior dureza e menor sensibilidade en verbo das mulleres, que se presentan cunha maior sensibilidade, dependencia e sentimentalismo (factor I).

— Os varóns amósanse máis seguros; as mulleres, pola contra, máis inseguras, máis preocupadas e inquedas (factor O).

— As mulleres preséntanse máis tensas, máis sobreexcitadas; os varóns, en troques, amósanse máis seguros, máis relaxados (este factor poderíase unir ao factor O que, como vemos, é unha continuación deste).

En conclusión, poderíamos decir que aquilo que na mostra diferencia aos varóns das mulleres resúmese en que: os varóns preséntanse como independentes, duros e seguros; pola contra, as mulleres amósanse doces, sensíbeis, inseguras e tensas.

Hai que destacar que a nosa mostra de estudantes constitui un grupo especial dentro da poboación normal, o que explica o que somente atopásemos catro diferencias significativas nos factores de primeiro orde do 16 PF cando, como ben indica Cattell (1970, pág. 70), na poboación normal se soen atopar diferencias significativas en cáseque todos os factores. En concreto, Cattell, indícanos que hai diferencias significativas en todos os factores excepto en catro (B; C; F;  $Q_2$ ); nos outros 12 existen diferencias dignas de ter en conta para a división das mostras por sexo.

#### 5.2.2.2.— Filoloxía

Resultados da confrontación deste grupo con todos os demais da mostra:

— Atópanse d.s. no factor C verbo da mostra total, do grupo de C. Biolóxicas e do de C. Matemáticas. Hai que sulñar que o grupo de Filoloxía está constituído por unha grande maioría de mulleres, o que cecáis poida explicarnos, en parte, os resultados obtidos neste factor. O factor C caracterízase pola emotividade e sentimentalidade, amosando os alumnos de Filoloxía pouca estabilidade, en comparanza cos outros grupos.

— No factor I, os alumnos de Filoloxía amosan grande sensibilidade e dependencia. Esta diferenza atópase tanto no tocante ao total dos suxetos da mostra, como no tocante a todos os grupos de Ciencias.

— Atopamos, tamén, diferencias no factor  $Q_3$  en verbo ao grupo de C. Matemáticas. É indicativo este factor, para os alumnos de Filoloxía, de certo “relaxamento” nos costumes e dunha certa desilada (descuido) da normativa social.

— Por último, existen d.s. no factor  $Q_4$  entre os alumnos de Filoloxía e o grupo de C. Matemáticas. Este factor amosa, nos alumnos de Filoloxía en verbo do de Matemáticas, frustración, tensión, sobreexcitación xeral. Facemos notar acó que nos *n—stein* que confeccionamos da nosa mostra total, os alumnos de Filoloxía, pontuan

neste factor no *stein* 7, o que indica unha puntuación ben definida en verbo do grupo normativo.

Para rematar, lembremos unha vez máis que o grupo de Filoloxía está constituído fundamentalmente por mulleres (táboa 1) o que, cecáis, poida darnos unha pista dos resultados obtidos.

#### 5.2.2.3.— Xeografía e Historia

Neste grupo somente atopamos d.s. no factor  $Q_4$ , onde aparece, verbo do de C. Matemáticas, como máis tenso, máis frustrado e con certa intranquilidade.

#### 5.2.2.4.— Ciencias Biolóxicas

Analizando os resultados que presenta este grupo, observamos:

— Que no factor A hai d.s. verbo da grande maioría dos grupos (Total, Filoloxía, Xeografía e Historia e C. Matemáticas), o que nos indica que este grupo é, verbo dos nomeados, máis reservado e pasivo.

— Existe d.s. no factor C verbo do grupo de Filoloxía, onde os de C. Biolóxicas amosan unha maior estabilidade emocional e madurez.

— No factor G (de xeito semellante ao que acontecía no factor A) presenta d.s. con cáseque todos os demais (Todos, Filoloxía, C. Matemáticas, C. Químicas). E indicativo dunha actitude máis escrupulosa, moralista, formal, etc. do grupo de C. Biolóxicas.

— No factor I, o grupo de C. Biolóxicas difire significativamente de: Todos, Filoloxía e Xeografía e Historia; amosándose aquel cunha maior confianza en sí mesmo, etc., que caracteriza este factor.

#### 5.2.2.5.— Ciencias Matemáticas

Este grupo presenta:

— No factor C, d.s. verbo do grupo de Filoloxía, onde o grupo de C. Matemáticas amosa unha maior estabilidade emocional e están menos afectados polos sentimentos.

— No factor I presenta d.s. verbo do grupo Total, do de Filoloxía e do de Xeografía e Historia. E, verbo destes, máis realista, menos sensíbel, pouco afectado polos sentimentos, e confiado en sí mesmo.

— No factor O existe d.s. entre C. Matemáticas e o grupo Total e o de Filoloxía. Verbo destes, o grupo de C. Matemáticas amosa unha maior seguridade en sí mesmo, maior satisfacción, maior placidez, tranquilidade...

— No factor  $Q_3$ , C. Matemáticas difire significativamente dos grupos: Total, Filoloxía e Xeografía e Historia. Este factor é indicativo dun maior control, un maior coñecemento dos seus anseios e aspiracións que, neste caso, caracteriza ao grupo de C. Matemáticas.

— No factor  $Q_4$  este grupo difire do de Filoloxía, onde o de C. Matemáticas aparece como máis tranquilo e acougado, menos frustrado, etc., que o de Filoloxía.

#### 5.2.2.6.— Ciencias Químicas

— Existen d.s. entre este grupo e o de C. Matemáticas no factor A. Significa isto que o grupo de C. Químicas presenta unha maior reserva e aillamento que o de Matemáticas.

— No factor G hai d.s. entre este grupo e o de C. Biolóxicas. Revela unha maior despreocupación e menor socialización que o grupo de C. Químicas.

— No factor I existen d.s. verbo dos grupos de Filoloxía e Xeografía e Historia, predominando no grupo de C. Químicas unha maior sensibilidade, maior confianza en sí mesmo e menor afectación polos sentimentos.

### Conclusións

#### Resultados obtidos no P.M.A.

Factor V (Comprensión verbal): Os alumnos de Filoloxía superan neste factor amplamente a todos os demais, se ben a diferenza é mínima cos de Xeografía e Historia. Atópase tamén unha diferenza importante entre Xeografía e Historia e Ciencias Biolóxicas, favorábel aos primeiros.

Factor F (Fluidez verbal): Os resultados son semellantes aos do factor V, coa única diferenza de que no Factor F a superioridade dos alumnos de Filoloxía abranxe tamén aos de Xeografía e Historia.

Ha—se ter en conta —do mesmo xeito—, que, se ben no Factor V os alumnos de Xeografía e Historia (segundos en puntuación) somente obteñen diferenzas significativas co grupo de C. Biolóxicas, neste factor “Fluidez verbal” superan (significativamente) a todos os demais (coa excepción de Filoloxía).

Factor R (Razoamento): Os alumnos de Ciencias Matemáticas acadan neste Factor, valores significativamente superiores a todos os demais coa excepción dos de C. Biolóxicas cos que ditas diferenzas non se dan.

Factor N (Cálculo numérico): Atopáronse diferenzas significativas entre os alumnos de C. Matemáticas e de Xeografía e Historia, favorábeis aos primeiros; e igualmente entre os grupos varóns—mulleres, favorábel a eles.

Factor E (Concepción espacial): Os alumnos de C. Matemáticas pontúan significativamente máis alto que todos os demais, coa excepción dos de C. Químicas cos que ditas diferencias non son significativas.

Atópase, do mesmo xeito, maior puntuación no grupo de varóns que no de mulleres.

Resultados obtidos no 16 P.F.:

En liñas xeráis o Grupo de Varóns amósase máis seguro e independente que o de Mulleres que presenta as características de docilidade, sensibilidade e inseguridade.

Na mostra de *Filoloxía* (constituída fundamentalmente por mulleres) atópanse outras puntuacións no Factor C (Pouca forza do ego—Moita forza do ego) diferenciándose significativamente dos Grupos: Total, C. Biolóxicas e C. Matemáticas.

Igualmente acada valores altos no Factor I (Harria—Parmia) amosando certo grau de sensibilidade e dependencia.

Presenta, ademais, diferencias significativas verbo da mostra de C. Matemáticas nos Factores  $Q_3$  (Baixa integración—Moito control da súa autoimaxe) e  $Q_4$  (Pouca—Moita tensión enerxética), significando que os alumnos de *Filoloxía* amosan un maior grau de frustración, tensión, sobreexcitación xeral, así como tamén unha menor preocupación pola normativa social verbo daqueles.

O Grupo de *Xeografía e Historia* samente presenta diferencias significativas co de C. Matemáticas no Factor  $Q_4$  (Pouca—Moita tensión enerxética) reflexando, polo tanto, certo grau de frustración e de sobreexcitación xeral.

O Grupo de *Ciencias Biolóxicas* preséntase como máis reservado e pasivo (Factor A: Sizotimia—Afectotimia) verbo de todos os demais, con excepción do de C. Químicas; máis estábel emocionalmente (Factor C: Pouca forza do ego—Moita forza do ego) que o de *Filoloxía*; cunha actitude máis moralista e formal (Factor G: Pouca—Moita forza do superego) en comparanza con todos os demais grupos, con excepción do de *Xeografía e Historia* co que a diferenza non chega ser significativa; e cun maior grau de confianza en sí mesmo (Factor I: Harria—Parmia) verbo dos grupos: Todos, *Filoloxía* e *Xeografía e Historia*.

A mostra da Facultade de C. Matemáticas, presenta as seguintes características, diferenciándose significativamente dos grupos que se relacionan:

Maior estabilidade emocional (Factor C: Pouca forza do ego—Moita forza do ego) que a mostra de *Filoloxía*; máis realismo e maior confianza en sí mesmo (Factor I: Harria—Parmia) que os grupos: Total, *Filoloxía* e *Xeografía e Historia*; máis seguridade, satisfacción e intranquilidade (Factor O: Adecuación imperturbábel—Tendencia a

culpabilidade) con relación aos Grupos: Total e Filoloxía; maior control e coñecimento das súas aspiracións (Factor  $Q_3$ : Baixa integración—Moito control da súa autoimaxe) que os grupos: Total, Xeografía e Historia e Filoloxía; e maior tranquilidade e menor frustración (Factor  $Q_4$ : Pouca—Moita tensión enerxética) que o Grupo de Filoloxía.

Finalmente, o Grupo de C. Químicas preséntase máis reservado (Factor A: Sizotimia—Afectotimia) que o de C. Matemáticas; máis despreocupado e menos socializado (Factor G: Pouca—Moita forza do superego) que o de C. Biolóxicas; e máis confiado en sí mesmo e menos afectado polos sentimentos (Factor I: Harria—Parmia) que os Grupos de Filoloxía e Xeografía e Historia.

Pensamos que coa complementariedade dos resultados do P.M.A. e do 16 P.F., os obxetivos que nos propuxemos víronse, en boa medida, acadados.

## BIBLIOGRAFIA

- ARREDONDO RODRIGUEZ, J.M.<sup>a</sup>.— “Resumen de un estudio comparativo de las aptitudes e intereses de los estudiantes de Psicología y Ciencias”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1976, 141—142, páx. 1058—1060.
- CATTELL, R.B., EBER, H.W., TATSUOKA, M.M.— *Handbook for the 16 PF Questionnaire*, IPAT, 1970 ed., Champaign, Illinois.
- DOSIL MACEIRA, A.— “Sugerencias psicopedagógicas para el tránsito C.O.U.—Universidad”, *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1976, páx. 967—970.
- ECHEVARRIA, C.— “Diferenciación en escalas de actitudes de estudiantes universitarios y afines, procedentes de cuarenta carreras”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1976, 141—142, páx. 1064—1065.
- ESTADISTICAS DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Curso 1976—77), Santiago de Compostela, 1977.
- FERNANDEZ BALLESTEROS, R.— “Relaciones entre distintas medidas de ansiedad”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1977, 145, páx. 225—240.
- FOGLIATO, H.M.— “Estudio longitudinal de un grupo de alumnos de Psicología”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1977, 145, páx. 296—300.
- PRIETO ZAMORA, J.M.— “La inteligencia general como factor B en el 16 PF”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1978, 152, páx. 463—474.
- PRIETO ZAMORA, J.M.— “Perfil de personalidad de un grupo de estudiantes para enfermeras (a partir del 16 PF, formas A y B de Raymond B. Cattell)”, *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1977, 148, páx. 887—897.
- SANCHEZ NIETO, SERRANO GARCIA y CASTAÑO LOPEZ—MESAS.— “Influencias profesionales en el rendimiento ante los tests de inteligencia”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1976, 141—142, páx. 693—698.
- SECADAS, F.— “El test de inteligencia PMA de Thrustone”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1952, 22—23—24, páx. 345—357.
- SECADAS, F.— “El test de inteligencia AMPE”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1954, 30—31, páx. 284—304.
- SECADAS, F.— “Reajustes de valoraciones del PMA”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1958, páx. 128—131.
- SECADAS, F.— *Manual del Examinador para el Test de Factores Primarios de Inteligencia AMPE*, Madrid, 1961.

SEISDEDOS, N.— “Rasgos de personalidad de las mujeres y de los adolescentes (vs. adultos) medidos con el 16 PF-A y el 16 PF-B”. *Rev. de Ps. Gral. y Apl.*, 1977, 149, páx. 1084-1091.